

XI MILLA SAN SILVESTRE ESTRADENSE

1.- INFORMACIÓN XERAL

Data: venres 31 de Decembro de 2021.

Hora: a partir das 17 horas.

Lugar: Praza do Concello de A Estrada

Distancia: de 200m a 1.609 m. aprox

Organiza: A Estrada Deporte-Concello da Estrada

2.- CATEGORIAS, DISTANCIAS E HORARIOS APROXIMADOS

BABY SILVESTRE: **Pitufos, prebenxamin e benxamin** (nados no 2011 e posteriores)- 200 metros – 17:00h. *A saída e a meta situarase na Rúa Seráfin Pazo.*

SENIOR SILVESTRE: **Alevín ata senior** (nados no 2010 e anteriores)- 1 milla (1609 m) – 17:30h. *A saída situarase na praza do Concello e a meta na Rúa Calvo Sotelo.*

3.- INSCRICIÓNS

- **Inscrición:** Ata o martes 28 de Decembro de 2021 as 23:59 horas (a organización resérvase o dereito de aceptar inscricións fora de prazo). A inscrición é gratuita, pero hai que tramitala de xeito obrigatorio.
- **Onde:** No enlace: https://eventos.emesports.es/inscripcion/xi-milla-san-silvestre-estradense/inscripcion_datos/
- **Facendo constar:** Nome - Apelidos - Data nacemento - nº de teléfono – correo electrónico
- **NON PODERÁ PARTICIPAR NA PROBA NINGUÉN QUE NON TEÑA TRAMITADA A SUA INSCRICIÓN PREVIAMENTE NA WEB <https://emesports.es/eventos>**
- **A ORGANIZACIÓN PODERÁ SUSPENDER A PROBA DEPENDENDO DA SITUACIÓN SANITARIA, E DEBERÁ DE FACELO PÚBLICO POLOS CANAIS QUE CONSIDERE OPORTUNOS (PRENSA, RRSS, EMISORA MUNICIPAL, ...)**
- **DE SUSPENDERSE A PROBA, A COMIDA NON PERECEDEIRA RECOLLIDA ENTREGARASE A CÁRITAS E AQUELES QUE NON RECOLLERAN O SEU DORSAL PODERÁN RETIRAR A SÚA CAMISETA A PARTIR DO DÍA 3 DE XANEIRO.**

4.- RETIRADA DE DORSAIS

A retirada de dorsais farase a cambio dun quilo de comida non perecedeira que se destinará a Cáritas Parroquial, dentro da Operación quilo de Nadal. Ca retirada do dorsal cada participante recibirá como agasallo a camiseta conmemorativa da proba.

Un participante poderá recoller dorsais de terceiros, sempre e cando este autorizado polos mesmos.

Co fin de non crear aglomeracións, únicamente se poderán retirar os dorsais nos horarios que se detallan a continuación:

- **Mércores día 29/12:** Na oficina de AEstradaDeporte no 4º andar do Concello de 9 a 14 horas e de 16 a 18 horas.
- **Xoves día 30/12:** Na oficina de AEstradaDeporte no 4º andar do concello en horario de 9 a 14 horas e de 16 a 18 horas.
- **Venres día 31/12:** Na oficina de AEstradaDeporte no 4º andar do concello en horario de 10 a 13 horas.

5.- PROTOCOLO

A saída da proba BABY SILVESTRE farase en caixóns de 25 corredores/as. Na proba SENIOR SILVESTRE farase en caixóns de 50 corredores/as e cunha separación de 20 segundos entre eles.

Nas dúas probas, os/as participantes deberán de levar a mascarilla en todo momento, sendo obrigatorio estar con ela posta o rematar a proba ou no caso de abandonar a mesma.

Non poderá participar na proba ningún/ha deportista que non porte o seu dorsal, aínda que tramitara a súa inscrición en tempo e forma.

Non haberá ningún tipo de avituallamento líquido o rematar a proba, nin a tradicional chocolatada que era característica desta proba.

A entrega de medallas a cada participante na proba BABY SILVESTRE, realizarase en man unha vez cheguen a meta.

Aqueles participantes que así o desexen poden ir disfrazados. Haberá trofeos para o disfraz máis orixinal tanto en categoría individual como de parella co mesmo disfraz ou a mesma temática. Estes trofeos entregaranse o rematar a carreira.

O día 3 de xaneiro realizarase o sorteo dos agasallos que serán 5 cestas de Nadal. Sortearanse polo número de dorsal, comunicándollo os gañadores e deberán de recollese no

departamento de deportes no 4º andar do Concello. **DE SUSPENDERSE A PROBA O SORTEO REALIZARASE IGUALMENTE ENTRE AQUELES PARTICIPANTES QUE RETIRARAN O SEU DORSAL.**

O tratarse dunha **PROBA DE CARÁCTER LÚDICO NON COMPETITIVO**, a organización, fai un chamamento a responsabilidade dos/as participantes no cumprimento do protocolo desta proba.